



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 10 de xullo de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 26/2055

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Proxectos de Enxeñaría

Departamento: Enxeñaría Civil

Docencia: 4514017 Traballo Fin de Mestrado; 632G01033/632G02141 Traballo Fin de Grao; 610G04045 Nanomateriais en Enxeñaría Civil; 632G02022 Organización e Xestión de Proxectos e Obras e Lexislación; 4514016 Dirección de Empresas; 632G01021 Lexislación e Proxectos

Centro: ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos

Tras analizar a documentación da praza 26/2055, as alegacións realizadas por D^a Leticia Valladares López contra a proposta de provisión da citada praza e o informe da Comisión de selección, a Comisión de reclamacións, na súa reunión de 10 de xullo de 2026, acorda:

1. estimar a alegación da reclamante no relativo á indebida valoración no punto I.4 Outras titulacións universitarias relevantes para a praza do título de Mestrado Universitario en Formación do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de idiomas presentado por D. David López Rúa como propio da área de Proxectos de enxeñaría, toda vez que non é unha titulación propia da área de Proxectos de enxeñaría e, en todo caso, que se proceda a valoralo como non afín, co coeficiente 0,1, toda vez que non cabe a súa consideración como afín, dado que a propia Comisión de selección non determinou a existencia de áreas afíns,
2. solicitar da Comisión de selección que proceda a revisar as valoracións dos méritos das persoas candidatas no punto II.2 Calidade docente, toda vez que o número máximo de méritos que se poden valorar neste punto é de 5. No caso da formación docente recibida, cada bloque completo de 100 horas supón un mérito, valorado con 1 punto, e a achega de 500 horas suporía 5 puntos e cumpriría o máximo de 5 méritos que se poderían valorar,
3. estimar a alegación realizada pola reclamante en relación coa valoración dos méritos do candidato D. David López Rúa no punto IV. Experiencia profesional, e solicitar da Comisión de selección que no punto IV. Experiencia profesional proceda a valorar unicamente os méritos debidamente documentados conforme ao establecido normativamente, isto é, os que acheguen "o informe de vida laboral, os contratos e a certificación da actividade profesional realizada que inclúa os postos e as funcións desempeñadas". Adicionalmente, solicitar que se elimine da valoración neste punto a docencia no ensino secundario do citado candidato pois en ningún caso cabe considerala como actividade específica definida para a praza obxecto de concurso,
4. desestimar as restantes alegacións realizadas pola persoa reclamante,



5. solicitar o envío dunha nova proposta de provisión e dun novo Excel que atenda o indicado nos puntos 1 e 2,
6. facer público este acordo.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández